Sandra Vázquez Domínguez

**Sr. presidente do Parlamento de Galicia**

CSV: REXPG-2zEuYzPTO-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/05/2025 11:02:47

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

**INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO Á PROPOSICIÓN DE LEI ORGÁNICA, PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS, DE TRANSFERENCIA DE COMPETENCIAS Á C.A. DE GALICIA EN MATERIA DE SALVAMENTO MARÍTIMO E LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN MARIÑA, (DOC. NÚM. 24024)**

**Solicitante**: Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes – Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

**Expediente:** 36/2025

**FEITOS**

1. O 11 de abril do 2025, a Mesa do Parlamento de Galicia acorda dispoñer o traslado da proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia de competencias á C.A. de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña, (doc. Núm. 24024), formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego.
2. O 16 de abril do 2025 a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias remite a solicitude de informe sinalada no parágrafo anterior a esta Dirección Xeral.
3. Xunto coa solicitude de informe, achégase a seguinte documentación:

- Texto da proposición.

Dirección Xeral de Promoción da Igualdade
Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade
Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
☎ 881 99 50 44
xestión.igualdade@xunta.gal

CSV: REXPG-2zEuYzPTO-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Este informe emítese de acordo co previsto no artigo 22 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (en adiante, Lei 7/2023),
2. A nivel estatal compre ter en conta, para o caso concreto, a Lei
3. O obxecto da proposición de lei é a competencia exclusiva en materia de Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación Mariña no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo na transferencia as relativas a execución da lexislación do Estado en materia de formación e outorgamento de títulos das ensinanzas e formación específica relacionadas co Salvamento Marítimo e a loita contra a contaminación do medio mariño e coa realización do servizo de practicas.
4. Á vista do contido do texto, vaise analizar neste informe a incorporación da perspectiva de xénero, o principio de composición equilibrada, o xénero na actividade estatística e o uso dunha linguaxe non sexista no mesmo.

## INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

1. Tanto a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como a Lei 7/2023, non lexislan sobre a igualdade de trato e de oportunidades nas emerxencias.
2. Porén a ONU, no documento c- https://www.un.org/es/global-issues/crisis-and-emergency-response indica que no ámbito das emerxencias é necesario ter en conta a necesidade de prevención de danos físicos, mentais, sexuais ou de violencia; e que isto inclúe evacuación de persoas en situación de perigo, a creación de espazos seguros durante a situación de emerxencia e,



CSV: REXPG-2zEuYzPTO-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a aplicación de medidas de seguridade e o apoio para protexelo benestar e os dereitos humanos da cidadanía.

3. Hai que ter en conta que tanto a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como a Lei 7/2023 si que lexislan sobre a formación en igualdade, e esta última tamén lexisla sobre a igualdade de xénero nas políticas ambientais, de ordenación territorial e infraestruturas.

Vista a lexislación vixente recoméndase que a proposición de lei incorpore unha disposición que indique que "*as funcións encomendadas pola transferencia garanten a salvagarda da aplicación transversal do principio de igualdade entre mulleres e homes no ámbito transferido*"

**PREVISIÓNS RELATIVAS AO CUMPRIMENTO DA COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN**

1. Os artigos 14 e 15 da Lei 7/2023 recollen a aplicación do principio de presenza ou composición equilibrada. O capítulo I enumera como criterio de actuación dos poderes públicos de Galicia participación equilibrada dos sexos na toma de decisións e o apoderamento das mulleres.
2. A Lei Orgánica 2/2024, de 1 de agosto, de representación paritaria e presenza equilibrada de mulleres e homes, segundo indica o preámbulo "introduce substanciais modificacións no noso ordenamento xurídico co fin de afondar nesa realización efectiva da igualdade de mulleres e homes, esencialmente nos ámbitos decisorios da vida política e económica" que convén ter en consideración.
3. Esta proposición de lei ao afectar ás políticas de salvamento marítimo, e como todas as transferencias precisará dunha Comisión Mixta de



CSV: REXPG-2zEuYzPTO-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Transferencias, que é o vehículo de materialización e negociación dos traspasos e os acordos adoptados.

4. O principio de presenza ou composición equilibrada inflúe directamente na participación equilibrada dos sexos na toma de decisións e no apoderamento das mulleres.
5. Por todo isto recoméndase que a proposición de lei recolla a previsión de que todos os órganos colexiados que interveñan na xestión administrativa respecten o equilibrio entre sexos tal como a define a disposición adicional primeira da Lei 7/2023.

**INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA**

1. O artigo 27 da Lei 7/2023 regula a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística do sector público galego.
2. Neste ámbito, o VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, ademais dos indicadores sinalados anteriormente neste informe, recoñece que aínda están sen desagregar series de datos nas principais producións estatísticas, e que é preciso *"ampliar as variables ou dimensións de estudo para a elaboración de indicadores de xénero en ámbitos de interese."* Por isto, prevé unha liña de acción destinada á *"Realización e difusión de estudos sobre a situación das mulleres e mellora da elaboración e utilización de datos estatísticos e indicadores de xénero"*, da que son responsable todos os departamentos da Administración xeral e entes adscritos.
3. Recoméndase que a proposición de lei de transferencia de competencias á C.A. de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña estableza un seguimento estatístico do uso e contido das mesmas, co fin de dispor datos de súa aplicación e analizar se están a



CSV: REXPG-2zEuYzPTO-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cumprir as previsións de modificacións de patróns socioculturais, e/ou outras formas de promoción da igualdade.

**UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA**

1. O tratamento da linguaxe lexíslase na Lei 7/2023, Capítulo II, Título II (artigos 31 a 34)
2. O uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.
3. O artigo 32 da Lei 7/2023 esixe que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico de Galicia erradiquen, en todas as formas de expresión oral ou escrita, o uso sexista da linguaxe.
4. Na proposición de lei orgánica, utilízase unha linguaxe correcta, o que merece valoración positiva.

Segundo o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, será a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, o órgano competente para emitir informe de impacto de xénero.

De acordo con todo o indicado, INFORMO:

Que para o caso de que fora aprobada esta Proposición de lei orgánica, que é respectuosa coa normativa en materia de igualdade entre mulleres e homes, é recomendable, en concreto:

1. Incorporar ao texto de traspaso, na exposición de motivos, a necesidade de incorporar a transversalidade de xénero, visualizando a prevención de danos físicos, mentais, sexuais ou de violencia; incluídas as posibles



CSV: REXPG-2zEuYzPTO-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2025 11:02:54
Nº Rexistro: 25834
Data envio: 19/05/2025 11:02:54.314



necesidades de evacuación prioritaria de persoas en situación de perigo, a creación de espazos seguros durante a situación de emerxencia e, a aplicación de medidas de seguridade e o apoio para protexelo benestar e os dereitos humanos da cidadanía.

2. Recoméndase que a proposición de lei recolla a previsión de que todos os órganos colexiados que interveñan na xestión administrativa respecten o equilibrio entre sexos tal como a define a disposición adicional primeira da Lei 7/2023.
3. Recoméndase que a proposición de lei de transferencia de competencias á C.A. de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña estableza un seguimento estatístico do uso e contido das mesmas, co fin de dispor datos de súa aplicación e analizar se están a cumprir as previsións de modificacións de patróns socioculturais, e/ou outras formas de promoción da igualdade.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

| | |
|---|---|
| A subdirectora xeral de Promoción da Igualdade | A directora xeral de Promoción da Igualdade |
| Concepción Pereira Otero | María Quintiana Pérez |

Asinado por: MARIA QUINTIANA PEREZ
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 16/05/2025 13:00:27
A OTERO, CONCEPCION
25 10:18:41
CSV: REXPG-2zEuYzPTO-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2025 11:02:54
Nº Rexistro: 25834
Data envio: 19/05/2025 11:02:54.314

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/05/2025 11:02:53**

CSV: REXPG-2zEuYzPTO-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

2. Comparecencia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

2.1 36573(12/CPP-000069)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para informar das accións que está a desenvolver esta consellaría na procura de reter e sumar talento cara á cobertura de postos vacantes no eido laboral

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36573
Data envío: 12/10/2025 21:50:20.716
Data 12/10/2025 21:50

**OFICIO**

**Asunto**: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, para **informar das accións que está a desenvolver a Consellería na procura de reter e sumar talento cara a cobertura de postos vacantes no eido laboral.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

CSV: REXPG-YHYFkSGe1-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/10/2025 21:50:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36573
Data envio: 12/10/2025 21:50:20.716

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/10/2025 21:50:20**

CSV: REXPG-YHYFkSGe1-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3. Mocións

## Reunión do Pleno do Parlamento

## Día: 21.10.2025 Hora: 10.00

## Orde do día

Punto 3.1 Resolución da Presidencia do 18 de outubro de 2025, pola que se admiten a trámite as mocións con número de rexistro de entrada 36996, do G.P. Mixto e 37103 e 37104, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, subseguintes ás interpelacións debatidas na sesión plenaria do día 14 de outubro de 2025.

**Resolución da Presidencia do Parlamento, do 18 de outubro de 2025, pola que se admiten a trámite as mocións con número de rexistro de entrada 36996, do G.P. Mixto, 37103 e 37104, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, subseguintes ás interpelacións debatidas na sesión plenaria do día 14 de outubro de 2025.**

Examínanse os documentos co número de rexistro de entrada 36996, do G.P. Mixto, 37103 e 37104, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, subseguintes ás interpelacións debatidas na sesión plenaria do día 14 de outubro de 2025

14110 (12/INT-000622)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as ratios de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115f2, do 13.11.2024*

33985 (12/INT-001227)
Grupo Parlamentario Mixto
Ojea Bouzo, Armando
Sobre a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de atención sanitaria ás persoas maiores, singularmente nas provincias máis envellecidas
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260f2, do 25.09.2025*

34697 (12/INT-001261)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a orientación e a xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención ás vítimas de violencia sexual
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 263f2, do 01.10.2025*

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1.º) Admitir a trámite e cualificar como mocións os seguintes documentos:

CSV: REXPG-oRdHRKNWN-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Doc. núm. 36996 (12/MOC-000083)
Grupo Parlamentario Mixto
Sobre a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de atención sanitaria ás persoas maiores, singularmente nas provincias máis envellecidas (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 33985, publicada no BOPG n.º 260 f2, do 25.09.2025, e debatida na sesión plenaria do 14.10.2025)

- Doc. núm. 37103 (12/MOC-000084)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre a orientación e a xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención ás vítimas de violencia sexual (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 34697 publicada no BOPG n.º 263 f2, do 01.10.2025, e debatida na sesión plenaria do 14.10.2025)

- Doc. núm. 37104 (12/MOC-000085)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as ratios de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 14110, publicada no BOPG n.º 115 f2, do 13.11.2024, e debatida na sesión plenaria do 14.10.2025)

2.º) Incorporar estas mocións, en cumprimento do acordado na reunión da Xunta de Portavoces do día 14.10.2025, á orde do día da sesión plenaria prevista para o día 21 de outubro de 2025

O prazo para presentación de emendas, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento, remata ás 18.30 horas do día 20 de outubro de 2025.

3.º) Dar conta deste acordo na próxima reunión da Mesa do Parlamento.

4.º) Notificar este acordo ás deputadas e aos deputados, ao portavoces dos grupos parlamentarios, á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel Ángel
Santalices Vieira,
Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.10.18 13:01:03 +02'00'

CSV: REXPG-oRdHRKNWN-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 18/10/2025 13:01:59
Nº Rexistro: 10133
Data envio: 18/10/2025 13:01:59.469

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 18/10/2025 13:01:03

CSV: REXPG-oRdHRKNWN-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/10/2025 13:02:02**

CSV: REXPG-oRdHRKNWN-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Reunión do Pleno do Parlamento

## Día: 21.10.2025 Hora: 10.00

## Orde do día

Punto 3.1 36996 (12/MOC-000083)
Grupo Parlamentario Mixto
Armando Ojea Bouzo
Sobre a política que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia de atención sanitaria ás persoas maiores, singularmente nas provincias máis envellecidas (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 33985, publicada no BOPG 260 f2, do 25 de setembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 14 de outubro de 2025)

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36996
Data envio: 16/10/2025 00:53:25.753

Grupo Mixto

OFICINA PARLAMENTARIA
**Parlamento de Galicia**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 981 55 15 83
**gp-mixto@parlamentodegalicia.es**
15702 Santiago de Compostela
Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Mixto, representado polo seu portavoz, D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, ao abeiro do disposto nos artigos 151 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, **presenta a seguinte MOCIÓN derivada da Interpelación co número de rexistro33985, debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do día 15 de outubro de 2025, punto 5.2 da orde do día**, relativa á política xeral da Xunta de Galicia en materia de atención hospitalaria ás persoas maiores, e, en particular, á **implantación do servizo hospitalario de xeriatría na provincia de Ourense**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A resposta ofrecida polo Goberno galego durante o debate da interpelación non resolve as carencias que presenta a provincia de Ourense en materia de atención hospitalaria ás persoas maiores.

A falta dun servizo hospitalario de xeriatría supón unha **grave desigualdade territorial** con respecto a outras áreas sanitarias galegas como Vigo ou Lugo, que xa dispoñen deste recurso esencial. Ourense, sendo a provincia con **maior índice de envellecemento e lonxevidade de Galicia,** precisa con urxencia dunha estrutura hospitalaria específica que dea resposta ás necesidades asistenciais dunha poboación crecente en idade avanzada, con pluripatoloxías e dependencia.

Ademais, a inexistencia deste servizo **incrementa a presión asistencial** sobre outros dispositivos hospitalarios, nomeadamente o servizo de medicina interna, provocando unha sobrecarga que repercute negativamente na calidade asistencial.

O Grupo Parlamentario Mixto de Democracia Ourensana considera imprescindible que a Xunta de Galicia **asuma un compromiso firme e verificable** coa implantación efectiva do servizo hospitalario de xeriatría na área sanitaria de Ourense, dotándoo dos recursos humanos, materiais e orzamentarios necesarios.

Asinado o día 16/10/2025 ás 00:51
Por Armando Ojea Bouzo

CSV: REXPG-IlcUBv5CV-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36996
Data envio: 16/10/2025 00:53:25.753

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. **Iniciar, de maneira inmediata, os trámites necesarios para a creación do servizo hospitalario de xeriatría na área sanitaria de Ourense**, co obxectivo de garantir unha atención especializada ás persoas maiores da provincia.

2. **Incorporar nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2026 unha partida específica destinada á posta en marcha e dotación inicial deste servizo**, asegurando a súa viabilidade técnica e financeira.

3. **Asignar os recursos humanos e materiais adecuados** para o correcto funcionamento da unidade, contando con profesionais da especialidade de xeriatría e co equipamento preciso para unha atención integral.

4. **Fixar un calendario público e vinculante de execución**, que estableza as datas de inicio das obras ou adaptación de espazos e o prazo previsto para a entrada en funcionamento do servizo.

5. **Dar conta trimestralmente á Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego** do estado de execución das actuacións, garantindo a transparencia e o control parlamentario sobre o cumprimento deste compromiso.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2025

Fdo.: D. Armando Ojea Bouzo
Deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto (Democracia Ourensana)

CSV: REXPG-IlcUBv5CV-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36996
Data envio: 16/10/2025 00:53:25.753

**Asinado dixitalmente por:**

**Armando Ojea Bouzo na data 16/10/2025 0:51:06**

CSV: REXPG-IIcUBv5CV-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 36996
Data envio: 16/10/2025 00:53:25.753

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 0:53:26**

CSV: REXPG-IlcUBv5CV-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Reunión do Pleno do Parlamento

## Día: 21.10.2025 Hora: 10.00

## Orde do día

Punto 3.2 37103 (12/MOC-000084)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Noa Presas Bergantiños
Sobre a orientación e xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención ás vítimas de violencia sexual (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 34697, publicada no BOPG 263 f2, do 1 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 14 de outubro de 2025)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:35:59
Nº Rexistro: 37103
Data envio: 16/10/2025 13:35:59.727

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 15 de outubro, sobre a orientación e a xestión das políticas do Goberno galego en materia de atención ás vítimas de violencia sexual (doc. núm **34697**, [**12/INT-001261**]).

**Moción**

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir ao Parlamento a información desagregada por cada un dos centros de crise 24 horas de atención ás vítimas de violencia sexual na que se concrete o número de persoas atendidas polo servizo, o número de vítimas de violencia sexual e de vítimas de violencia sexual menores atendidas, o número de horas prestadas efectivas de atención psicolóxica, social, xurídica por caso, a súa forma de prestación (presencial ou telemática), a orixe das derivacións se as houber (policial, xurídica, CIM, sanitaria, outros), número de consultas por iniciativa propia, actividades de sensibilización rexistradas, derivacións a outros recursos, atención prestada a vítimas e a familiares ou contorna da vítima, etc. nos nove primeiros meses de funcionamento do recurso.

2. Elaborar unha proposta, de cara ao remate da concesión vixente, de internalización do servizo no sistema público de saúde e política social para o

Asinado o día 16/10/2025 ás 13:35
Por Ana Pontón Mondelo
Asinado o día 16/10/2025 ás 13:35
Por Noa Presas Bergantiños
CSV: REXPG-61uEI1j6f-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ano 2026 e garantir a prestación deste servizo desde o sistema público, con cadros de persoal suficientes. Para a súa posta en marcha e para o seu seguimento, o goberno galego deberá ter en conta a valoración dos colectivos profesionais que interveñen na loita contra a violencia machista e dos foros de participación e cooperación interinstitucional existentes.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2025

CSV: REXPG-61uEI1j6f-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:35:59
Nº Rexistro: 37103
Data envio: 16/10/2025 13:35:59.727

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/10/2025 13:35:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2025 13:35:23**

CSV: REXPG-61uEI1j6f-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:35:59
Nº Rexistro: 37103
Data envio: 16/10/2025 13:35:59.727

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 13:36:00**

CSV: REXPG-61uEI1j6f-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Reunión do Pleno do Parlamento

## Día: 21.10.2025 Hora: 10.00

## Orde do día

Punto 3.3

37104 (12/MOC-000085)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Olaia Rodil Fernández
Sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as ratios de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 14110, publicada no BOPG 115 f2, do 13 de novembro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 14 de outubro de 2025)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:36:14
Nº Rexistro: 37104
Data envio: 16/10/2025 13:36:14.150

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 15 de outubro, sobre o modelo de coidados para as persoas maiores e a modificación da normativa que regula as ratios de usuarios por cada profesional de atención directa nos centros residenciais (doc. núm **14110**, [**12/INT-000622**]).

**Moción**

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir á Cámara, no prazo dunha semana, copia das actas de inspección e informes emitidos tras as visitas realizadas polo Servizo de Inspección de Servizos Sociais da Xunta de Galiza, así como os expedientes sancionadores correspondentes aos centros de maiores: *Vivenda comunitaria Jardín* de Amoeiro e a Residencia San Gabriel de Xinzo de Limia nos últimos 5 anos. Así mesmo, dar traslado ás solicitudes desta mesma natureza formuladas nesta lexislatura a respecto doutros centros dependentes da Consellaría de Política Social.

2. Duplicar o número de inspectores da Consellaría de Política Social e restituír o sistema de traballo que impide coñecer as datas e horas de inspección dos centros a persoas alleas ao propio corpo inspector.

Asinado o día 16/10/2025 ás 13:35
Por Olalla Rodil Fernández

CSV: REXPG-13lmytsb7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Atender a solicitude de reunión presentada diante da Consellaría de Política Social das traballadoras das residencias privadas e da súa representación sindical así como implicarse na negociación do novo convenio colectivo de residencias de maiores privadas facendo valer a posición da Xunta de Galiza en tanto que sostedora con fondos públicos dunha parte importante das prazas que xestionan co obxectivo de garantir condicións laborais e salariais dignas para as traballadoras.

4. Abordar, no seo do Consello Galego de Benestar e coa representación sindical das traballadoras e traballadores das residencias de maiores, a modificación da Orde do 18 de abril de 1996 para adecuar os requirimentos dos centros de atención a persoas maiores, nomeadamente das residencias, á realidade actual e a un modelo de Atención Centrada na Persoa (ACP). Neste senso, estabelecerase unha nova rateo de persoal mínimo tanto nas quendas de día como de noite e garantirase a presenza 24h de enfermaría en todos os centros residenciais.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2025

CSV: REXPG-13lmytsb7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:36:14
Nº Rexistro: 37104
Data envio: 16/10/2025 13:36:14.150

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2025 13:35:06**

CSV: REXPG-13lmytsb7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:36:14
Nº Rexistro: 37104
Data envio: 16/10/2025 13:36:14.150

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 13:36:15**

CSV: REXPG-13lmytsb7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4. Proposicións non de lei

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.1    415(12/PNP-000004)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa situación política e social no actual réxime de Nicolás Maduro en Venezuela

*Publicación da iniciativa, 6, 05.04.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2024 13:33:29
Nº Rexistro: 415
Data envío: 01/04/2024 13:33:29.884

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

**Exposición de Motivos**

A comunidade galega residente en Venezuela foi unha das máis numerosas das que escolleron como destino América Latina, especialmente durante a década dos cincuenta do século XX. Entre 1955 e 1958, unha de cada seis persoas censadas nese país tiña orixe galego. Como resultado disto creáronse múltiples clubs, asociacións e irmandades, entidades galegas que buscan seguir impulsando a cooperación, o apoio mutuo e a persistencia dos lazos culturais, artísticos e de identidade entre Galicia e os seus emigrantes en Venezuela.

Na actualidade a realidade mudou, hoxe os galegos residentes en Venezuela representan un dos principais colectivos de retorno a Galicia, onde están perfectamente integrados. De feito, no últimos catro anos, 2.284 galegos residentes nese país obtiveron axudas para o regreso, a través do programa *Galicia Retorna* impulsado pola Xunta de Galicia.

Probablemente a este cambio de tendencia no fluxo migratorio ten contribuído a situación actual de Venezuela, que sofre unha grave crise política e institucional, ademais dun tensionado clima social e unha economía en crecente deterioro. Así por exemplo, a maior parte da poboación padece as consecuencias dunha elevada e cambiante inflación, que afecta transversalmente a todas as necesidades de consumo, incluídas as referentes a produtos básicos; mentres que no ámbito institucional contabilízanse máis de 300 prisioneiros políticos en Venezuela e os partidos da oposición non poden presentar os seus principais candidatos ás eleccións.

Unha das destas persoas represaliadas polo réxime de Nicolás Maduro é Rocío San Miguel, de nacionalidade española, avogada e militante en defensa dos dereitos humanos, foi secuestrada polo réxime e condenada, por motivos políticos, por presunta conspiración contra o presidente da República e o seu réxime. Na actualidade está detida na prisión do Helicoide, penal coñecido polas súas violacións dos dereitos humanos, incluída a tortura.

CSV: REXISTRO-hKZru3avw-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Ademais o réxime de Maduro suspendeu as actividades da Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos (ACNUDH) tras acusar o seu persoal dun comportamento “colonialista e abusivo” e de fomentar a oposición política, todo iso como consecuencia da condena por parte do comisario das Nacións Unidas da detención de San Miguel.

Tamén teñen a consideración de prisioneiros políticos o xeneral Hernández da Costa que foi trasladado pola forza ao cárcere do Rodeo I; e que a pesar de padecer enfermidades médicas que requiren un tratamento constante, se lle está negando; e catro coordinadores de campaña -Juan Freites, Luis Camacaro, Guillermo López e Emil Brandt- que traballan para a candidata da oposición á presidencia do réxime, María Corina Machado, que foron detidos por motivos políticos e incomunicados.

Lonxe de mellorar esta situación vai na dirección contraria: en xaneiro de 2024, a Asemblea Nacional (non recoñecida) retomou a tramitación dunha lei destinada a restrinxir, penalizar e obstaculizar o traballo das organizacións non gobernamentais, que eran as principais entidades que supervisaban o cumprimento dos dereitos humanos en Venezuela.

Todas estas circunstancias, levaron a que o Parlamento Europeo aprobara, recentemente e con ampla maioría, unha resolución [2024/2618(RSP) de 14 de marzo] esixindo a liberación inmediata da activista hispanovenezolana Rocío San Miguel, a liberación dos presos políticos detidos arbitrariamente e unha serie de pronunciamentos dirixidos a esixir garantías democráticas e de respecto dos dereitos humanos neste país irmán, no que a día de hoxe hai unha ampla comunidade de emigrantes galegos e dos seus descendentes. Resolución que, polo seu alcance e contido, tamén consideramos que debe ser asumida na súa integridade polo Parlamento de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

O Parlamento de Galicia, acorda, como Resolución:

1º Condenar enerxicamente o réxime de Nicolás Maduro polo encarceramento de centos de prisioneiros políticos que se encontran detidos en condicións que vulneran as regras mínimas de Nacións Unidas para o tratamento dos reclusos.

2º Esixir a liberación inmediata e incondicional de todos os prisioneiros políticos e das persoas detidas arbitrariamente en Venezuela, así como o pleno restablecemento dos seus dereitos e liberdades.

CSV: REXISTRO-hKZru3avw-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2024 13:33:29
Nº Rexistro: 415
Data envio: 01/04/2024 13:33:29.884

PARLAMENTO DE GALICIA

3º Instar ao réxime de Nicolás Maduro a que poña fin á súa política de represión e aos seus ataques contra a sociedade civil e a oposición.

4º Instar á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que, en uso da súa competencia exclusiva en materia de relacións internacionais adopte as seguintes medidas:

a) Demandar ás autoridades chilenas a que investiguen exhaustivamente o asasinato de Ronald Ojea, antigo prisioneiro político que escapou do réxime de Nicolás Maduro.

b) Reclamar ao Alto representante da Unión Europea para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade (AR/VP), o español Josep Borrell, a que aumente as sancións ao réxime de Venezuela, incluídos funcionarios de alto nivel, membros das forzas de seguridade, do Tribunal Supremo de Xustiza do réxime e ao propio Nicolás Maduro.

c) Demandar á Corte Penal Internacional a que inclúa as violacións dos dereitos humanos e as detencións arbitrarias en curso na súa investigación sobre os presuntos crimes contra a humanidade do réxime de Nicolás Maduro.

d) Defender e pedir á comunidade internacional que apoie o retorno á democracia en Venezuela, en particular á luz das próximas eleccións, nas que debe permitirse a plena participación da líder da oposición ao réxime, María Corina Machado

e) Demandar ás autoridades venezolanas a que restablezan a Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos (ACNUDH) en Venezuela e garantan o seu acceso ás cárceres, así como o acceso sen trabas aos titulares de mandatos de procedementos especiais das Nacións Unidas.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 10:49:19**

**Paula Prado del Río na data 01/04/2024 10:49:35**

CSV: REXISTRO-hKZru3avw-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2024 13:33:29
Nº Rexistro: 415
Data envío: 01/04/2024 13:33:29.884

PARLAMENTO DE GALICIA

**María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 10:51:26**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 01/04/2024 10:51:33**

**Martina Aneiros Barros na data 01/04/2024 10:52:36**

**Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 10:54:55**

**José Mato Díaz na data 01/04/2024 10:57:32**

**Victoria Núñez López na data 01/04/2024 11:06:25**

**Noelia Pérez López na data 01/04/2024 11:06:36**

CSV: REXISTRO-hKZru3avw-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.2 24981(12/PNP-001982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas ao aumento da planta xudicial en Galicia, particularmente en materia de violencia sobre a muller, e ao incremento dos cadros de persoal no ámbito da xustiza

*Publicación da iniciativa, 197f1, 14.05.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 16:40:35
Nº Rexistro: 24981
Data envío: 06/05/2025 16:40:35.724

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o incremento da planta xudicial en Galiza, particularmente en materia de violencia sobre a muller.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do Estado vén de trasladar ao Consello Xeral do Poder Xudicial unha proposta para a creación de 53 novas prazas xudiciais en materia de Violencia Sobre a Muller, 39 de nova dotación e 14 mediante transformación de prazas en unidades de Instrución en Violencia Sobre a Muller.

No caso de Galiza, a proposta implicaría a creación de prazas xudiciais en Ourense e Santiago de Compostela, estendendo a xurisdición destas unidades xudiciais de Violencia a distintos partidos xudiciais que, no caso da unidade con sede en Santiago de Compostela, abranguería Negreira, Padrón, Noia e Ribeira; sen que conste o alcance da suposta comarcalización da unidade con sede en Ourense.

Por outra banda, a necesaria ampliación da planta, en materia de Violencia Sobre a Muller, de Vigo e A Coruña non sería "ex novo" senón que sería a costa da supresión de prazas en Xulgados de Instrución de cada partido xudicial que pasarían a integrarse nas Seccións de Violencias Sobre a Muller do Tribunal de Instancia respectivo.

CSV: REXPG-2rupdtjDc-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 16:40:35
Nº Rexistro: 24981
Data envío: 06/05/2025 16:40:35.724

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o grupo parlamentar do BNG máis unha vez insistimos na necesidade de ampliar a planta xudicial nos órganos xurisdicionais en Galiza, nomeadamente en materia de Violencia sobre a Muller e coa creación de novas prazas nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra, sen que esa creación poda implicar unha mingua da calidade na prestación do servizo de xustiza ás vítimas e a supresión doutras prazas xa existentes.

Igualmente e malia a posibilidade que confire a nova estrutura e organización xudicial establecida pola Lei Orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, a creación de novas unidades xudiciais non pode realizarse sen o coherente incremento de postos de traballo na oficina xudicial, tanto no corpo de xestión, como o de tramitación e no de auxilio xudicial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1.- Demandar ao Goberno do Estado:

a) A creación de novas prazas xudiciais consonte a proposta formulada pola Comisión Mixta de Xustiza de Galiza,

b) A creación de Seccións de Violencia sobre a Muller nos Tribunais de Instancia dos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol e Santiago de Compostela, sen que supoña a eliminación de prazas das sección de instrución, e sen que a xurisdición do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela poda estenderse ao partido xudicial de Ribeira

CSV: REXPG-2rupdtjDc-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2025 16:40:35
**Nº Rexistro: 24981**
Data envío: 06/05/2025 16:40:35.724

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- O incremento do cadro de persoal nos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial, cando menos en correspondencia coas novas prazas xudiciais a crear."

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Noa Presas Bergantiños**
Deputado e deputada do G.P. do BNG
**Rosana Pérez Fernández**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/05/2025 16:35:11**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/05/2025 16:39:25**

**Rosana Pérez Fernández na data 06/05/2025 16:39:56**

CSV: REXPG-2rupdtjDc-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.3 32641(12/PNP-002414)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa situación dos servizos ferroviarios en Galicia

*Publicación da iniciativa, 247f3, 03.09.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:58:30
Nº Rexistro: 32641
Data envío: 28/08/2025 13:58:30.826

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Jose Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

**Exposición de motivos:**

Os problemas do servizo ferroviario en Galicia son moitos, cada ano agrávanse e a deixadez do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible é a principal causa de todos eles.

Investimentos pendentes dende hai anos, supresións de servicios dende a pandemia, falta de ofertas de prazas, frecuencias insuficientes, incumprimentos de horarios, tempos de viaxe e supresión de servicios sen previo aviso, material obsoleto con continuas avarías, caídas da web e limites a compra anticipada. Ese é o día a día do ferrocarril galego, resultado dunha xestión neglixente que reflicte o abandono do goberno de Sánchez a Galicia.

Pero si xa de por sí a situación do ferrocarril é de abandono e precariedade este verán a realidade a realidade foi extremadamente crítica e caótica, principalmente como consecuencia da virulencia e extensión dos incendios forestais que puxeron de manifesto unha vez máis a vulnerabilidade da infraestrutura ferroviaria en Galicia provocando unha serie de problemas en cascada para milleiros de viaxeiros.

A interrupción do tráfico ferroviario por motivos de seguridade, en moitas ocasións durante períodos prolongados, conlevou por parte de Renfe a suspensión do servicio afectando a máis de 30.000 viaxeiros, abandoaos na maioría dos casos a súa sorte.

CSV: REXPG-4n41L9PaS-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:58:30
Nº Rexistro: 32641
Data envío: 28/08/2025 13:58:30.826

PARLAMENTO DE GALICIA

A interrupción do servicio, a falta de información e non proporcionar unha alternativa xerou unha autentica odisea para os pasaxeiros.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do goberno de España:

1.-A posta en marcha das medidas urxentes necesarias para que non se volva repetir o caos ferroviario que se desata cada vez que se suspende o servizo ferroviario pola causa que sexa; tanto no referente aos medios a dispoñer, información ás persoas usuarias e comunicación e coordinación coas Administracións afectadas.

2.- Ao desbloqueo con carácter urxente de proxectos prioritarios retrasados e dos que non se teñen novas"

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2025.

CSV: REXPG-4n41L9PaS-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:58:30
Nº Rexistro: 32641
Data envío: 28/08/2025 13:58:30.826

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 28/08/2025 13:53:49**

CSV: REXPG-4n41L9PaS-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 13:58:30
**Nº Rexistro: 32641**
Data envio: 28/08/2025 13:58:30.826

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 13:58:31**

**CSV:** REXPG-4n41L9PaS-6
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.4 33457(12/PNP-002458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar co obxectivo de mellorar a situación profesional e laboral do profesorado dos centros públicos de ensino

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 252f1, 10.09.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 11:11:42
Nº Rexistro: 33457
Data envío: 08/09/2025 11:11:42.765

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza para mellorar a situación laboral e acabar co maltrato que sofre o profesorado.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que se trate canto antes no Parlamento a situación laboral e profesional do profesorado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ensino público galego leva 16 anos de profundos recortes orzamentarios que implicaron a redución de profesorado nas aulas, a súa perda de dereitos laborais, entre elas a diminución dos salarios (conxelacións retributivas e supresión de complementos nas

Asinado o día 08/09/2025 ás 10:58 Por Luis Bará Torres
Asinado o día 08/09/2025 ás 10:58 Por Daniel Castro García
Asinado o día 08/09/2025 ás 10:58 Por Ana Pontón Mondelo
Asinado o día 08/09/2025 ás 10:59 Por José Manuel Golpe Acu
CSV: REXPG-G0ETk1FdF-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 11:11:42
Nº Rexistro: 33457
Data envío: 08/09/2025 11:11:42.765

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

pagas extraordinarias), aumento do horario lectivo, falta de Plan de Igualdade dentro dos centros escolares ou a supresión de licenzas de formación retribuídas e non retribuídas.

Un persoal que é maltratado continuamente pola administración, poñendo en cuestionamento a súa profesionalidade, o seu criterio docente (cando se toman decisións políticas fronte ás educativas) ou censurando as súas actuacións e atentando contra o seu dereito de liberdade de cátedra.

Un profesorado que é obrigado a asumir funcións que non lle corresponden, a atender cuestións burocráticas e repetitivas que son puramente administrativas e moi frustrado por non ser quen de atender debidamente a todo o alumnado que ten asignado, facendo que a súa labor educativa sexa case imposible fronte a un posicionamento da Consellería de Educación e da Xunta de constantes recortes, privatización, censura e moita,... moita propaganda.

A perda de dereitos foi constante nos últimos 16 anos, pero dende a pandemia a situación agudizouse e o deterioro das condicións laborais do profesorado e da atención educativa que recibe o alumnado foi a peor ao tempo que a Xunta incrementaba de xeito obsceno a súa publicidade.

Malia que o Goberno do PP na Xunta non facilita datos sobre os cadros de persoal nos centros ou o número e características do alumnado NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo), as tendencias son claras: incremento da xubilación anticipada, excedencias voluntarias, aumento das comisións de servizo por saúde, prazas vacantes nos procesos selectivos e renuncias a interinidades e a substitucións no ensino que nunca antes se produciran.

Dentro dos centros educativos, o profesorado atópase cunha ratio de alumnado que chega aos 200 alumnos/as, unha diversidade cada vez maior e con múltiples diagnósticos dentro dunhas aulas masificadas, protocolos, alumnado migrante recén chegado..., o peor horario lectivo en secundaria, FP e ensinanzas de réxime especial de

CSV: REXPG-G0ETk1FdF-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

todo o Estado, mentres a Consellería dedica inxentes recursos a eventos para propaganda e asesorías, censurando ademais valores democráticos, pacifistas, ecoloxistas e feministas.

O feito de que este curso 2025/26 comeza sen ningunha acción positiva por parte da Consellería que poida reverter a situación na que se atopa o profesorado e como consecuencia directa, o alumnado e as súas familias, vai facer que a comunidade educativa comece a organizarse e a convocar mobilizacións ata que exista unha negociación real e avances en prol de acadar os acordos necesarios para darlle un futuro ao ensino público. A CIG, organización sindical maioritaria no ámbito docente, acaba de anunciar estes días unha manifestación para o día 13 e unha xornada de folga para o 25 de setembro, non descartando seguir convocando outras accións se as peticións do profesorado non son atendidas.

O mal chamado Acordo de Melloras, foi un intento da Consellería para dividir ao profesorado galego, con escasas medidas aprobadas que só afectaron aos docentes de infantil e primaria, deixando fora ao resto de etapas e ensinanzas e continuando co desprezo demostrado ao profesorado en última instancia a través da Resolución do 5 de xuño, de instrucións para este curso escolar 2025/26, na que pretende censurar as actividades que as docentes realizan nas aulas, tan só por dar o debate sobre as medidas que a Xunta, na súa deriva máis reaccionaria e ultra, impulsa e son contrarias á cidadanía galega.

É hora de que o PP no Goberno e na Consellería de Educación, entenda que xa sobrepasou en extremo o límite da burla ao profesorado deixándoo ao bordo da extenuación. Unha profesión maltratada pola Xunta, que ao igual que acontece na sanidade pública, sumida na precariedade deixa de ser atractiva e comezan a faltar docentes a quen contratar.

As familias e as ANPAS, así como o colectivo docente, non van permanecer impasibles mentres son esmagados os dereitos e a imaxe do profesorado e o alumnado non

CSV: REXPG-G0ETk1FdF-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 11:11:42
Nº Rexistro: 33457
Data envío: 08/09/2025 11:11:42.765

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

ten os recursos suficientes de persoal docente e especialistas para poder avanzar en igualdade de condicións.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, tendo en conta as peticións do profesorado para mellorar a súa situación laboral e profesional:

1.- Actualizar os catálogos de profesorado e especialistas existentes dende o 2009, aumentando os cadros de persoal nos centros educativos e reforzando os departamentos de Orientación con máis especialistas (Orientador/a, PT e AL) estables.

2.- Aplicar a baixada das ratios en todos os niveis para desmasificar os cursos máis altos de Primaria e os de Secundaria.

3.- Computar o alumnado NEAE x2 e x3 atendendo ás necesidades de apoios e reforzos que precisan, en todos os niveis educativos, teñan recoñecida a discapacidade ou non.

4.- Recuperar, como mínimo, os dereitos laborais dos docentes do acordo de 2007 (horarios, salarios, licenzas...), compensando a súa redución horaria con máis efectivos de profesorado.

5.- Reducir a burocracia nos centros eliminando aqueles documentos duplicados en distintos procedementos, deseñar informes tipo, claros e máis simplificados para o profesorado e departamento de Orientación e desviar ao persoal administrativo todos aqueles que non requiran unha valoración docente.

CSV: REXPG-G0ETk1FdF-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

6.- Retirar o control ideolóxico da Resolución do 5 de xuño de 2025, de instrucións para o desenvolvemento do curso 2025/26, garantindo a liberdade de cátedra do profesorado nos centros educativos".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-G0ETk1FdF-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 11:11:42
Nº Rexistro: 33457
Data envío: 08/09/2025 11:11:42.765

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2025 10:58:21**
**Daniel Castro García na data 08/09/2025 10:58:28**
**Luis Bará Torres na data 08/09/2025 10:58:34**
**Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2025 10:58:40**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/09/2025 10:58:48**
**Paulo Ríos Santomé na data 08/09/2025 10:58:56**
**Rosana Pérez Fernández na data 08/09/2025 10:59:06**
**Ariadna Fernández González na data 08/09/2025 10:59:17**
**Iria Carreira Pazos na data 08/09/2025 10:59:24**
**José Manuel Golpe Acuña na data 08/09/2025 10:59:33**
**Secundino Fernández Fernández na data 08/09/2025 10:59:43**
**Daniel Pérez López na data 08/09/2025 10:59:51**
**Carmela González Iglesias na data 08/09/2025 11:00:02,08/09/2025 11:00:27**
**Sonia Vidal Lamas na data 08/09/2025 11:00:12**
**Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/09/2025 11:00:42,08/09/2025 11:01:00**
**Óscar Insua Lema na data 08/09/2025 11:01:11**
**María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2025 11:01:19**
**Ramón Fernández Alfonzo na data 08/09/2025 11:01:27**
**Alexandra Fernández Gómez na data 08/09/2025 11:01:45**
**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 08/09/2025 11:01:54**
**Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2025 11:02:05**
**Cristina Fernández Davila na data 08/09/2025 11:02:11**
**Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2025 11:02:17**
**Iago Suárez Fernández na data 08/09/2025 11:02:23**
**Iria Taibo Corsanego na data 08/09/2025 11:02:29**

CSV: REXPG-G0ETk1FdF-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 11:11:42
Nº Rexistro: 33457
Data envio: 08/09/2025 11:11:42.765

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2025 11:11:43**

CSV: REXPG-G0ETk1FdF-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.5 34989(12/PNP-002587)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación dun banco público de alugueiro en Galicia

*Publicación da iniciativa, 265f1, 08.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:49:42
Nº Rexistro: 34989
Data envío: 29/09/2025 13:49:42.194

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade do mercado do alugueiro en Galicia amosa unha grande fragmentación e escaseza de oferta accesible, o que xera prezos elevados e precariedade residencial. Ao mesmo tempo, existen milleiros de vivendas baleiras que permanecen fóra do mercado por falta de garantías, seguridade xurídica ou incentivos adecuados para os seus propietarios e propietarias.

Outras comunidades autónomas xa teñen posto en marcha experiencias exitosas de intermediación pública, mediante bancos de aluguer que conectan propietarios e propietarias e inquilinas e inquilinos baixo a tutela da administración. Estes mecanismos permiten mobilizar vivendas baleiras, asegurar prezos razoables e ofrecer garantías tanto a persoas propietarias como a arrendatarios e arrendatarios, cun claro beneficio social.

Galicia precisa un Banco Público de Aluguer, que actúe como instrumento para incrementar a oferta de vivenda en alugueiro a prezos asumibles, fomentar a confianza das persoas propietarias e garantir dereitos para quen precisa acceder a unha vivenda digna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

CSV: REXPG-SGNiZvjUR-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Crear antes de que remate o presente ano un Banco Público de Aluguer de Galicia, xestionado pola Administración autonómica como mediadora e no que se:

a) Estableza un sistema de garantías públicas para as persoas propietarias que cedan as súas vivendas a este banco, cubrindo posibles non pagamentos e danos.
b) Fixe que os prezos do alugueiro no marco deste banco sexan sempre asequibles, nunca superiores ao 30 % da renda media dispoñible das familias.
c) Subscriban contratos de aluguer de longa duración polas vivendas que se incorporen a este banco.
d) Poñan en marcha campañas de información para fomentar que as persoas propietarias de vivendas baleiras se incorporen ao programa.

Santiago de Compostela, a 29 de setembro do 2025

CSV: REXPG-SGNlZvjUR-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:49:42
**Nº Rexistro: 34989**
Data envío: 29/09/2025 13:49:42.194

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 29/09/2025 13:39:44**

**Carlos López Font na data 29/09/2025 13:39:53**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 29/09/2025 13:40:01**

CSV: REXPG-SGNIZvjUR-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:49:42
Nº Rexistro: 34989
Data envio: 29/09/2025 13:49:42.194

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 13:49:42**

CSV: REXPG-SGNIZvjUR-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.6 35542(12/PNP-002617)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as correccións que debe introducir a Xunta de Galicia nas liñas de axudas aos afectados polos incendios forestais do verán de 2025 nos sectores agrogandeiro e forestal

*Publicación da iniciativa, 265f1, 08.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 18:05:55
Nº Rexistro: 35542
Data envío: 02/10/2025 18:05:55.115

Grupo Parlamentario Socialista

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A vaga de lumes de agosto de 2025 deixou tras de si unha situación devastadora no rural galego: explotacións agrogandeiras arrasadas, soutos centenarios destruídos, viñedos calcinados, superficies de pastoreo queimadas e o sector da apicultura que non disporá durante varios anos de zonas de floración para alimento das avellas. As consecuencias económicas, sociais e ambientais son gravísimas e requiren unha resposta á altura.

A Xunta de Galicia aprobou diversas ordes de axuda, mais a realidade é que son insuficientes, inxustas e cargadas de burocracia

Se de verdade queremos profesionalizar o sector agrogandeiro**,** as axudas deben diferenciar entre explotacións de autoconsumo e aquelas profesionais rexistradas no REAGA. Son estas últimas as que sosteñen o noso rural e, polo tanto, deben recibir unha discriminación positiva para non fomentar a economía en B e garantir a viabilidade do sector.

Outro exemplo claro da desaxeitada formulación é o tope de 15.000 € para alimentación de gando, totalmente insuficiente para unha explotación media ou grande. Este límite debe adaptarse ás características reais das explotacións: número de cabezas, tipo de raza e necesidades alimentarias. Ademais, limitar estas axudas a só seis meses ignora factores como o clima e os tempos de recuperación dos pastos, que segundo expertos se pode prolongar moito máis.

CSV: REXPG-9NUeJyGwJ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 18:05:55
Nº Rexistro: 35542
Data envío: 02/10/2025 18:05:55.115



Resulta tamén inxusto que as axudas sexan excluíntes aos seguros privados. Así, quen contratou un seguro recibe só a diferenza coa axuda da Xunta, mentres quen non asegurou nada recibe a compensación íntegra. Isto lanza unha mensaxe perigosa: desincentívase a contratación de seguros, cando se debería incentivar.

As axudas por perda de produción en froiteiras como castaños e viñas son absolutamente ridículas: limítanse a un ano, cando a realidade é que a recuperación dun souto ou dun viñedo pode levar anos. A perda de superficie de pastoreo nin sequera está prevista como perda de produción, malia ser un dano real e directo para moitas explotacións gandeiras.

Engádese, ademais, a incerteza sobre a percepción da PAC nos anos 2025, 2026 e 2027 para as explotacións situadas en zonas declaradas catastróficas. Sen garantías de continuidade, moitas explotacións poderían quedar ao bordo do peche.

Por último, cómpre destacar que os almacenistas, transformadores e obradoiros da castaña, especialmente na provincia de Ourense, van quedar sen materia prima autóctona na campaña 2025-2026 e non teñen ningún tipo de apoio. Isto supón un golpe mortal para pequenos obradoiros artesanais que xeran emprego e valor engadido no rural.

Por todo isto, é urxente e necesario revisar as liñas de axuda aprobadas, adaptándoas á realidade e garantindo que cumpran o seu obxectivo: apoiar ás persoas afectadas, soster a actividade económica e garantir o futuro do noso rural.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

CSV: REXPG-9NUeJyGwJ4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 18:05:55
Nº Rexistro: 35542
Data envio: 02/10/2025 18:05:55.115



1. Diferenciar entre explotacións de autoconsumo e profesionais rexistradas no REAGA, establecendo unha discriminación positiva para estas últimas.

2. Revisar e ampliar o tope de 15.000 € para alimentación do gando, adaptándoo ao tamaño e ás necesidades reais das explotacións.

3. Estender a duración das axudas de alimentación máis alá de seis meses, atendendo aos tempos reais de recuperación dos pastos.

4. Corrixir o criterio que fai ás axudas complementarias aos seguros privados, para que quen pagou un seguro non sexa penalizado.

5. Recoñecer a perda de produción en froiteiras como castaños e viñas con indemnizacións plurianuais proporcionais ao tempo de recuperación real.

6. Incluír a perda de superficie de pastoreo como concepto indemnizable nas axudas.

7. Garantir a percepción da PAC 2025-2027 para as explotacións situadas en zonas declaradas catastróficas.

8. Crear liñas específicas de apoio a almacenistas, transformadores e obradoiros da castaña, especialmente na provincia de Ourense, para paliar a falta de materia prima e garantir a continuidade da actividade.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2025

CSV: REXPG-9NUeJyGwJ4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 18:05:55
Nº Rexistro: 35542
Data envio: 02/10/2025 18:05:55.115

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/10/2025 18:03:31**
**Lara Méndez López na data 02/10/2025 18:03:38**
**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 18:04:05**

CSV: REXPG-9NUeJyGwJ4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 18:05:55
**Nº Rexistro: 35542**
Data envio: 02/10/2025 18:05:55.115

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 18:05:55**

CSV: REXPG-9NUeJyGwJ-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.1 26622(12/INT-001035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás

*Publicación da iniciativa, 208f2, 11.06.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2025 17:04:07
Nº Rexistro: 26622
Data envío: 02/06/2025 17:04:07.196

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á regulación pendente de plantas de biogás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tecnoloxía do biogás - biometano pode ser un instrumento para conseguir unha "economía circular" verdadeira por exemplo para producir biogás para autoconsumo local. Sen embargo, moitas das plantas proxectadas para Galiza están recibindo unha forte oposición por parte da veciñanza das localidades próximas, por exemplo o caso de Coeses en Lugo.

O biogás é un combustible renovable que se produce a partir da descomposición anaeróbica (sen oxíxeno) de materia orgánica, como por exemplo residuos agrícolas, xurro, residuos alimentarios e augas residuais.

No estado español existe unha Folla de Ruta do Biogás, aprobada en marzo de 2022, que identifica os retos, as oportunidades e os obxectivos de desenvolvemento desta tecnoloxía entre 2030 e 2050.

Aínda así, a nova versión do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC), publicada no outono de 2023, xa propón un aumento dos obxectivos. O Goberno aumenta os obxectivos de gas renovable a 20 TWh para 2030, duplicando a cantidade cuantificada na Folla de Ruta, pero aínda así non cumpre con REPowerEU, o plan presentado pola Comisión Europea en 2022 para reducir a dependencia enerxética

CSV: REXPG-bPQYS6VhJ-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2025 17:04:07
Nº Rexistro: 26622
Data envío: 02/06/2025 17:04:07.196

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estratéxica de Europa acelerando o compromiso cos gases renovables, o aforro de enerxía e a electrificación.

A folla de ruta xa identificaba 45 medidas estratéxicas para acadar os obxectivos, moitas das cales, especialmente as destinadas a facer obrigatorio o tratamento dos residuos orgánicos, aínda non se implementaron. Cómpre sinalar que, tendo en conta os residuos orgánicos que poden xerar biogás e biometano, o estado español é un dos países con maior potencial de produción, só por detrás de países como Francia e Alemaña.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas está a tomar o goberno da Xunta para garantir a viabilidade ambiental das plantas de biogás – biometano, e reducir o seu impacto social e ambiental?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
**Brais Ruanova Vilas-Boas**
**Montserrat Valcárcel Armesto**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: REXPG-bPQYS6VhJ-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2025 17:04:07
**Nº Rexistro: 26622**
Data envío: 02/06/2025 17:04:07.196

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 02/06/2025 17:02:05**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/06/2025 17:02:09**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/06/2025 17:02:26**

CSV: REXPG-bPQYS6VhJ-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.2 35296(12/INT-001286)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas

*Publicación da iniciativa, 265f2, 08.10.2025*

Grupo
Parlamentario
Socialista

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A situación financeira das comunidades autónomas vese marcada polo crecemento da débeda pública acumulada nos últimos anos. En Galicia, a débeda autonómica triplicouse nos sucesivos gobernos do Partido Popular na Xunta: pasamos de arredor de 4.900 millóns de euros en 2009 a máis de 12.000 millóns en 2024. Este incremento condiciona gravemente a capacidade de investimento en servizos públicos esenciais como a sanidade, a educación ou a atención á dependencia.

O Goberno progresista de España, liderado polo presidente Pedro Sánchez, puxo enriba da mesa unha proposta histórica: unha condonación da débeda autonómica de 83.000 millóns de euros no conxunto do Estado, da que Galicia se beneficiará cunha quita de 4.010 millóns de euros.

Cómpre subliñar que non se trata dun "traxe a medida" para ningunha comunidade concreta. Pola contra, a medida está deseñada baixo criterios obxectivos, transparentes e solidarios, aplicándose a todas as comunidades autónomas de réxime común. De feito, algunhas das comunidades máis beneficiadas —Andalucía, Valencia ou Madrid— están gobernadas polo Partido Popular, polo que resulta absurdo presentar esta iniciativa como un privilexio para Cataluña.

A condonación permitirá a Galicia reducir a súa débeda, rebaixar os xuros e amortizacións a pagar, e así liberar recursos para reforzar o Estado do benestar. En termos prácticos, isto pode supor máis profesorado para alumnado con necesidades educativas especiais, máis médicos e pediatras

CSV: REXPG-K4AIHbX19-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para cubrir urxencias en centros de saúde, ou máis investimentos en dependencia.

Por outra banda, a irresponsabilidade fiscal do Goberno da Xunta agrava a situación: mentres reduce impostos aos máis ricos, os servizos públicos sofren recortes e deterioro. Non é sostible un modelo no que o 8 % máis rico acumula o 76 % do patrimonio, e ao mesmo tempo se lles perdoan impostos que deberían contribuír ao financiamento da comunidade.

Por iso, é fundamental que o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia exerzan responsabilidade institucional, defendan os intereses do país e non se sometan ao seguidismo partidista das directrices de Alberto Núñez Feijóo en Madrid. Galicia non pode perder esta oportunidade histórica.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Sobre a política fiscal en Galicia:

1. Vai comprometerse o Goberno galego, tal e como esixe a AIREF, a exercer un autogoberno responsable na política fiscal, eliminando os beneficios fiscais nos impostos de sucesións, doazóns e grandes fortunas, que favorecen ás rendas e patrimonios máis altos en Galicia?
2. Considera o Goberno galego que manter eses beneficios fiscais é compatible cun sistema xusto, equitativo e sostible de financiamento público?

Santiago de Compostela, a 30 de setembro do 2025

CSV: REXPG-K4AlHbX19-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 18:18:10
**Nº Rexistro: 35296**
Data envío: 30/09/2025 18:18:10.783

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 30/09/2025 18:09:56**
**Elena Espinosa Mangana na data 30/09/2025 18:10:03**

CSV: REXPG-K4AIHbX19-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 18:18:10
**Nº Rexistro: 35296**
Data envio: 30/09/2025 18:18:10.783

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 18:18:11**

CSV: REXPG-K4AIHbX19-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.3 35773(12/INT-001309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 265f2, 08.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35773
Data envío: 07/10/2025 09:02:50.146

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, relativa a unha moratoria indefinida ao eucalipto e a ordenación multifuncional e sostible do monte galego.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada a respecto da situación da moratoria do eucalipto e pola demanda dunha ordenación multifuncional e sostible do monte galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ordenación forestal galega afronta, a día de hoxe, un claro desafío pola expansión do monocultivo do eucalipto, que supera os límites fixados pola lexislación vixente e provoca impactos ambientais, sociais, económicos e de seguridade crecente para o territorio. Galizasupera as 413.000 hectáreas de superficie ocupada por eucalipto,



CSV: REXPG-b29sa2MLh-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35773
Data envío: 07/10/2025 09:02:50.146

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moi por riba das 245.000 recoñecidas como máximo polo Plan Forestal Galego de 1992 para o ano 2032.

O monocultivo de eucalipto dificulta o desenvolvemento rural, reduce a biodiversidade, agrava o risco de incendios e erosiona a multifuncionalidade histórica do monte galego, restando capacidade económica, social e ambiental ao territorio e facilitando a concentración do beneficio nun sector papeleiro alleo á economía local.

A primeira revisión do Plan Forestal de Galiza(2021) xa recoñece a necesidade urxente de frear a expansión desta especie, recomendando reducir ou estabilizar a súa superficie. Cómpre actuar con decisión, transparencia e rigor técnico para garantir un monte diversificado, resiliente ao cambio climático e con valor multifuncional para as comunidades locais.

A día de hoxe, e en relación co incumprimento dos compromisos oficiais, calquera aumento das plantacións de eucalipto iría frontalmente en contra das propostas da primeira revisión do Plan Forestal de Galiza(Xunta de Galicia, 2021), na que se argumentaba que sería desexable reducir, ou polo menos manter estable, a superficie total ocupada por plantacións de eucalipto en Galicia.

Non obstante, os datos do Inventario Forestal Continuo evidencian que non só non se reduciu a presenza do eucalipto, senón que aumentou: de 370.000 hectáreas en 2011 a máis de 419.000 en 2023, moi lonxe do obxectivo oficial de reducir a súa ocupación.

Existen áreas onde a intervención resulta especialmente urxente e xustificada:

• A Rede Natura 2000, onde cómpre eliminar progresivamente os eucaliptos que afectan a hábitats prioritarios ou degradan bosques autóctonos.

CSV: REXPG-b29sa2MLh-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35773
Data envio: 07/10/2025 09:02:50.146

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Parques naturais como As Fragas do Eume, onde diversos estudos detectan unha perda do 17% do bosque autóctono e un aumento do 48% das superficies de eucalipto en 25 anos.

• Zonas húmidas, beiras de ríos e pozas, polas súas condicións ecolóxicas sensibles e o valor para os ecosistemas de ribeira.

• Terras que anteriormente eran agrarias, onde existen restricións legais para plantar eucalipto.

• Montes veciñais e comunais, onde moitas comunidades impulsan proxectos de substitución por especies autóctonas.

• Comarcas con elevado risco de lumes, onde a concentración de eucaliptos potencia a propagación rápida do lume.

E finalmente, a investigación científica e as experiencias prácticas locais demostran que a eliminación de eucaliptos en espazos agrícolas xera múltiples beneficios:

• Recuperación ambiental e biodiversidade: restaura a fertilidade e estrutura do solo, favorece a diversidade de flora e fauna.

• Rendibilidade agraria: permite empregar os espazos para agricultura, pastos ou sistemas agroforestais diversificados.

• Protección hídrica: mellora a xestión da auga ao reducir o consumo masivo desta especie.

• Redución de riscos ambientais: baixa significativamente o risco de incendios.

CSV: REXPG-b29sa2MLh-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

1. Que medidas pensa adoptar a Consellería para frear o incremento da superficie ocupada por eucalipto, especialmente nas áreas onde se superou o límite legal previsto polo Plan Forestal Galego?

2. Cal é a superficie total de eucalipto rexistrada en Galiza segundo o Inventario Forestal Continuo a data de 2024? ¿Por que non se fixo público ese dato ata o momento, a pesar da súa relevancia social e ambiental?

3. Ten previsto o Goberno da Xunta ampliar ou converter en indefinida a actual moratoria sobre novas plantacións de eucalipto? En caso afirmativo, ¿con que calendario e con que criterios técnicos?

4. Que recursos e accións se están a mobilizar para identificar e eliminar as plantacións de eucalipto realizadas de maneira irregular ou ilegal no último lustro?

5. Cales son as previsións para restaurar ambiental e produtivamente as superficies afectadas polo monocultivo ilegal de eucalipto, e como pensa apoiar a diversificación forestal en colaboración coas comunidades de montes?

6. Ten previsto o Goberno crear novas axudas ou incentivos públicos para apostar polo modelo de paisaxe mosaico con especies autóctonas e sistemas diversificados como vía de futuro para o monte galego?

7. Que criterios técnicos, ambientais e sociais vai seguir a Consellería na actualización dos Plans de Ordenación de Recursos Forestais para garantir franxas verdes e a recuperación do recurso forestal autóctono?

CSV: REXPG-b29sa2MLh-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Vai a Xunta intensificar a vixilancia, control e sanción sobre plantacións de eucalipto non autorizadas, e con que dotación orzamentaria e recursos humanos prevé facelo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-b29sa2MLh-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35773
Data envío: 07/10/2025 09:02:50.146

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/10/2025 8:48:36**
**Daniel Castro García na data 07/10/2025 8:48:43**
**Luis Bará Torres na data 07/10/2025 8:48:52**
**Olalla Rodil Fernández na data 07/10/2025 8:49:01**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/10/2025 8:49:08**
**Paulo Ríos Santomé na data 07/10/2025 8:49:16**
**Rosana Pérez Fernández na data 07/10/2025 8:49:24**
**Ariadna Fernández González na data 07/10/2025 8:49:33**
**Iria Carreira Pazos na data 07/10/2025 8:49:42**
**José Manuel Golpe Acuña na data 07/10/2025 8:49:50**
**Secundino Fernández Fernández na data 07/10/2025 8:50:04**
**Daniel Pérez López na data 07/10/2025 8:50:11**
**Carmela González Iglesias na data 07/10/2025 8:50:23**
**Sonia Vidal Lamas na data 07/10/2025 8:50:33**
**Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/10/2025 8:50:40**
**Óscar Insua Lema na data 07/10/2025 8:50:48**
**María Montserrat Prado Cores na data 07/10/2025 8:50:56**
**Ramón Fernández Alfonzo na data 07/10/2025 8:51:07**
**Alexandra Fernández Gómez na data 07/10/2025 8:51:15**
**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 07/10/2025 8:51:25**
**Mercedes Queixas Zas na data 07/10/2025 8:51:31**
**Cristina Fernández Davila na data 07/10/2025 8:51:38**
**Noa Presas Bergantiños na data 07/10/2025 8:51:44**
**Iago Suárez Fernández na data 07/10/2025 8:51:50**
**Iria Taibo Corsanego na data 07/10/2025 8:51:57**

CSV: REXPG-b29sa2MLh-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 09:30:00
**Nº Rexistro: 35773**
Data envio: 07/10/2025 09:02:50.146

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 9:02:51**

CSV: REXPG-b29sa2MLh-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.1 36690(12/POPX-000057)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a capacidade de resposta aos problemas da cidadanía dos orzamentos de Galicia para 2026

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 18:22:12
Nº Rexistro: 36690
Data envio: 13/10/2025 18:22:12.498

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**José Ramón Gómez Besteiro, portavoz** do **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, cre vostede que os orzamentos de Galicia para o 2026 van a dar resposta real a algúns dos problemas da cidadanía galega?

Santiago de Compostela, 13 de outubro do 2025

CSV: REXPG-Fy1OLCr9e-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 18:22:12
Nº Rexistro: 36690
Data envio: 13/10/2025 18:22:12.498

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 13/10/2025 18:05:18**

CSV: REXPG-Fy1OLCr9e-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 18:22:12
Nº Rexistro: 36690
Data envio: 13/10/2025 18:22:12.498

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 18:22:13

CSV: REXPG-Fy1OLCr9e-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.2 36691(12/POPX-000058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a postura do Goberno galego en relación coas medidas que facilitan o acceso á vivenda

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 18:25:20
Nº Rexistro: 36691
Data envío: 13/10/2025 18:25:20.371

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

*Sr Rueda, por que boicotea medidas que facilitan o acceso á vivenda?*

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2025

CSV: REXPG-Ey2o9xTgK-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 18:25:20
Nº Rexistro: 36691
Data envío: 13/10/2025 18:25:20.371

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/10/2025 18:25:05**

CSV: REXPG-Ey2o9xTgK-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 18:25:20
Nº Rexistro: 36691
Data envio: 13/10/2025 18:25:20.371

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 18:25:21**

CSV: REXPG-Ey2o9xTgK-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7. Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.1 34684(12/POP-005003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa dotación de profesorado e persoal coidador do CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, de Noia

*Publicación da iniciativa, 263f2, 01.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 11:19:25
Nº Rexistro: 34684
Data envío: 24/09/2025 11:19:25.683

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández** e **Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, rel ativa á perda de profesorado e de persoal coidador no CEIP plurilingüe "Alexandre Rodríguez Cadarso", de Noia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis, o curso escolar comezou con grandes anuncios e titulares aínda maiores: Os orzamentos da Consellaría de Educación son "os máis grandes da historia de Galiza", temos "menos alumnado e máis profesorado ca nunca", "melloramos en equidade", hai unha "discriminación positiva cara aos centros do rural", Galiza é "garantía de igualdade de oportunidades", a inclusión "é unha prioridade deste Goberno", "non só mantemos as medidas do ano pasado senón que as reforzamos", "o curso comezou con grande normalidade", "nun sistema tan amplo é lóxico que nos primeiros días de curso se produzan axustes", "non se pode falar de recortes", etc., etc., etc.

Estes son só algúns exemplos do relato que veñen mantendo, dende antes mesmo de comezar o curso, os distintos cargos da Consellaría de Educación, co propio conselleiro á cabeza, e son exemplos tamén de que unha cousa é o relato, a propaganda da Consellaría, e outra, moi distinta, é a realidade que viven centos de alumnos e alumnas no noso país e, polo tanto, as súas familias, o profesorado, o persoal non docente dos centros de ensino, os e as coidadoras e, en definitiva, todas aquelas persoas que aspiran a un ensino público realmente de calidade.

Asinado o día 24/09/2025 ás 11:18
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 24/09/2025 ás 11:17
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: REXPG-XqTS312x8-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 11:19:25
Nº Rexistro: 34684
Data envio: 24/09/2025 11:19:25.683

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

E isto é, precisamente, ao que aspira a comunidade educativa do CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso, do colexio da Barquiña, de Noia. Un centro do rural deste país ao que non se lle está a "discriminar positivamente", onde non ven garantida a "igualdade de oportunidades" do seu alumnado e, moito menos, perciben que a inclusión é unha "prioridade deste Goberno (da Xunta)".

Así, por unha banda, temen a supresión dunha praza definitiva de Educación Primaria con perfil de inglés, recollida no catálogo do centro, tal e como contempla a Orde do 16 de xullo de 2018, publicada no DOG número 144, que agora nega teimudamente a Inspección Educativa. Cando o catálogo recoñece seis mestres definitivos de Primaria máis un de Filoloxía francesa que exerce funcións de titoría, a Inspección afirma que só son cinco mestres máis 1, terxiversando mesmo o que está escrito e feito público no propio DOG.

Por outro lado, neste centro, a Consellaría non só non está a reforzar este ano os recursos e medidas do curso pasado. É que nin sequera os está a manter. No 2024-25, concedeu o desdobre da aula de 2º de EP, que contaba con 24 alumnos e alumnas e entre os cais dous tiñan necesidades educativas especiais, por ter un grao de dependencia 2, e outro, un grao de dependencia 3. É decir, un total de 28 alumnos e alumnas ponderados.

No entanto, no 2025-26, esta mesma aula, que agora cursa 3º de EP, aínda sumando un alumno máis, ata chegar ao total de 25, que se traducen en 29 ponderados, non merece agora o mesmo recoñecemento e se lle denega tamén o desdobre. Unha medida que a comunidade educativa descoñece por completo en que preceptos legais se basea e que parece ter unha única explicación, os recortes sistemáticos que o Goberno galego vén aplicando aos servizos públicos, nomeadamente ao ensino.

Por último, e non menos inexplicábel e inxusto, o centro contou no pasado curso con 2 coidadores e agora vese na obriga de compartir un co IES Campo de San Alberto, da mesma localidade. Unha decisión comunicada aos centros no último momento e



CSV: REXPG-XqTS312x8-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 11:19:25
Nº Rexistro: 34684
Data envio: 24/09/2025 11:19:25.683

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

especialmente grave, sobre todo se temos en conta que tanto no Colexio da Barquiña como no IES existe alumnado con grado 3 de dependencia ao que se lle está a limitar gravemente o dereito á educación e a atención porque a necesitan imperiosamente a tempo total e de xeito continuado para desenvolver as actividades, tanto lectivas como non lectivas.

Toda esta problemática, que xa está a ser denunciada dende hai semanas polos pais e nais do alumnado e co apoio do profesorado, non foi aínda respondida pola Consellaría que nin sequera considerou ata o de agora recibilos nin atendelos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións e cando as vai levar a cabo o Goberno galego para atender e poñer solución á problemática de perda de profesorado e persoal coidador do CEIP Plurilingüe “Alexandre Rodríguez Cadarso”, de Noia?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-XqTS312x8-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 11:19:25
Nº Rexistro: 34684
Data envio: 24/09/2025 11:19:25.683

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 24/09/2025 11:17:53**
**Cristina Fernández Davila na data 24/09/2025 11:18:10**

CSV: REXPG-XqTS312x8-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2025 11:19:25
Nº Rexistro: 34684
Data envio: 24/09/2025 11:19:25.683

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/09/2025 11:19:26**

CSV: REXPG-XqTS312x8-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.2    36652(12/PUP-000154)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a sostibilidade económica das entidades sen ánimo de lucro que están prestando servizos no campo da discapacidade intelectual

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:48:26
Nº Rexistro: 36652
Data envío: 13/10/2025 16:48:26.285

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** oral **urxente** en **Pleno**.

### Xustificación da urxencia

**A urxencia vén motivada dado que dende xaneiro do presente ano as entidades sociais sen ánimo de lucro están a soportar os elevados custos salariais pola execución dos convenios colectivos das persoas traballadoras e isto levou a un endebedamento ás entidades xa que a Xunta de Galicia non regulariza este incremento que por lei teñen que facer efectivo estas entidades; toda vez que estas entidades están prestando o servizo que debera levar a cabo a Xunta de Galicia.**

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Como ten previsto a Xunta de Galicia garantir a sustentabilidade económica das entidades sen ánimo de lucro que están prestando servizo ás persoas con discapacidade intelectual e o desenvolvemento a través do concerto social?

Santiago de Compostela, a 13 de outubro do 2025

CSV: REXPG-rZlUbnP0A-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:48:26
**Nº Rexistro: 36652**
Data envío: 13/10/2025 16:48:26.285

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 13/10/2025 16:48:00**
**Elena Espinosa Mangana na data 13/10/2025 16:48:08**

CSV: REXPG-rZiUbnP0A-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:48:26
Nº Rexistro: 36652
Data envio: 13/10/2025 16:48:26.285

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 16:48:26**

CSV: REXPG-rZlUbnP0A-5
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.3 36637(12/PUP-000152)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a materialización da dotación orzamentaria para o desenvolvemento da Lei ELA

**Á Mesa do Parlamento**

**Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.**

Xustificación da urxencia

*A urxencia vén motivada polo incumprimento sistemático da lexislación estatal en apoio ás persoas enfermas de ELA e ás súas familias*

Cando está a piques de cumprirse un ano desde a aprobación da Lei 3/2024 de 30 de outubro, para a mellora da calidade de vida de persoas con Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA) e outras enfermidades ou procesos de alta complexidade e curso irreversible, o pleno desenvolvemento desta norma estatal segue aínda pendente.

Este texto legal, aprobado por unanimidade no Congreso e no Senado, recolle a vontade de todos os grupos políticos e do conxunto da sociedade por apoiar a estas persoas enfermas e ás súas familias. Con todo, pese ao tempo transcorrido, o Goberno de España foi incapaz de garantir a dotación orzamentaria necesaria para que os avances propostos sexan materializados.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia -e desde o Parlamento galego con diversos acordos ao respecto- defendemos en repetidas ocasións que a Lei ELA sen financiamento por parte do Goberno central se queda nunha simple declaración de intencións que en nada mellora a situación das persoas que padecen esta doenza e dos seus familiares.

A obriga das administracións públicas é atender ás necesidades que se lle presentan aos cidadáns e demostrar a súa sensibilidade ante situacións tan difíciles como as que atravesan os pacientes con ELA. E iso é que fai o Goberno galego.

CSV: REXPG-NEmSEbzdJ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Así por exemplo en Galicia marcou o paso a nivel nacional na atención ás persoas diagnosticadas con esta doenza, tanto creando en 2018 o Proceso asistencial integrado de ELA, ao abeiro do cal buscouse axilizar a atención das persoas con esta enfermidade, no ámbito social e sanitario, como tamén coa posta en marcha dunha nova axuda directa, útil e moi importante para achegarlles un maior apoio.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que, un ano despois de aprobada a coñecida como Lei ELA, esta norma estatal aínda non conte coa dotación orzamentaria necesaria para a súa materialización?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2025

CSV: REXPG-NEmSEbzdJ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36637
Data envío: 13/10/2025 14:15:10.768

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 13/10/2025 14:11:43**
**Noelia Pérez López na data 13/10/2025 14:12:15**
**Ethel Vázquez Mourelle na data 13/10/2025 14:12:44**
**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/10/2025 14:12:59**
**Víctor Baladrón Lamas na data 13/10/2025 14:13:09**
**Nicole Grueira Fernández na data 13/10/2025 14:13:40**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/10/2025 14:13:50**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/10/2025 14:14:03**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 13/10/2025 14:14:12**

CSV: REXPG-NEmSEbzdJ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 36637
Data envio: 13/10/2025 14:15:10.768

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 14:15:12

CSV: REXPG-NEmSEbzdJ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.4 34050(12/POP-004899)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre os avances na tramitación do plan estruturante de ordenación de solo empresarial relativo á ampliación do parque empresarial da Sionlla, en Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, 260f2, 25.09.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2025 16:31:34
Nº Rexistro: 34050
Data envío: 16/09/2025 16:31:34.793

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Patricia Iglesias Rey, Aitor Bouza Manso** e **Lara Méndez López**, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

No mes de abril de 2024, a Xunta de Galicia anunciaba, a través da entón conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que avanzaba na ampliación do polígono empresarial da Sionlla, coa previsión de sacar a licitación as novas parcelas e licitar a urbanización a finais do ano 2025.

Este anuncio facíase tras a formalización do contrato de servizo para a redacción do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE) e dos instrumentos de desenvolvemento e execución necesarios para a ampliación do parque empresarial da Sionlla no SUND 29, cunha superficie de máis de 400.000 metros cadrados.

Segundo a propia Xunta de Galicia, a previsión era que a finais de 2025 se puidera convocar o concurso para a adxudicación das parcelas previstas e, ao mesmo tempo, licitar as obras de urbanización do novo ámbito. Non obstante, as últimas novas coñecidas ao respecto datan do 20 de novembro de 2024, cando a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade fixo público o informe ambiental estratéxico do PEOSE da ampliación do parque empresarial da Sionlla (expediente 2024AAE2924), concluíndo que non se prevén efectos ambientais adversos significativos.

Por outra banda, a ampliación actualmente en marcha a través do SUND 29 resulta claramente insuficiente para impulsar o desenvolvemento económico de Santiago de Compostela, a través da posta a disposición de solo industrial en condicións competitivas. É, pois, imprescindible desenvolver canto antes novas bolsas de solo empresarial, como por exemplo a zona de monte fronte a

CSV: REXPG-pqdluvwYm-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2025 16:31:34
Nº Rexistro: 34050
Data envío: 16/09/2025 16:31:34.793



FINSA, que permitan acoller proxectos empresariais de gran envergadura con plenas garantías de solo e servizos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que avances se produciron desde novembro de 2024 na tramitación do PEOSE da ampliación do parque empresarial da Sionlla?

Santiago de Compostela, a 16 de setembro do 2025

CSV: REXPG-pqdluvwYm-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2025 16:31:34
Nº Rexistro: 34050
Data envio: 16/09/2025 16:31:34.793

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 16/09/2025 16:21:07**
**Aitor Bouza Manso na data 16/09/2025 16:21:15**
**Lara Méndez López na data 16/09/2025 16:21:21**

CSV: REXPG-pqdluvwYm-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2025 16:31:34
Nº Rexistro: 34050
Data envio: 16/09/2025 16:31:34.793

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/09/2025 16:31:35**

CSV: REXPG-pqdluvwYm-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.5 28622(12/POP-004153)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre o balance do Programa galego de detección precoz do cancro de mama desde a súa posta en marcha hai máis de trinta anos

*Publicación da iniciativa, 227, 04.08.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Magdalena Pérez Millares, Noelia Pérez López e Ethel Vázquez Mourelle,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

O cancro de mama continúa sendo o cancro máis frecuente entre as mulleres nos países desenvolvidos. Estímase que no ano 2018 diagnosticáronse na Unión Europea 404.900 novos casos, o que representa o 29,2% de todos os cancros na muller e unha taxa de incidencia de 108,8 por 100.000 mulleres.

España ten unha taxa de incidencia media en relación cos países da súa contorna (84,9 por 100.000 mulleres).

Coa finalidade de abordar o problema de saúde que supón o cancro de mama, a Dirección Xeral de Saúde Pública puxo en marcha en 1992 a primeira unidade de exploración mamográfica do PGDPCM, contando coa colaboración da Asociación Española Contra el Cáncer (AECC).

Desde aquel momento, o Programa foise estendendo progresivamente ata cubrir no ano 1998 o 100% da poboación obxectivo. Ata o ano 2004 a poboación á que ía dirixido o Programa eran todas as mulleres residentes en Galicia de 50 a 64 anos.

Seguindo as directrices da Unión Europea, a partir de 2005, o Programa comezou a ampliación progresiva do grupo de idade ata os 69 anos, obxectivo que se acadou no ano 2009.

Có fin de ampliar a estrutura fixa de análise realizouse unha reestruturación que posibilitou que todos os hospitais públicos de Galicia conten cun mamógrafo agás A Coruña e Vigo que contan con dous.

As usuarias do Programa que residen nun municipio con dificultades de acceso á unidade de exploración mamográfica que lles corresponde teñen á súa disposición un sistema de transporte gratuíto en autobús, o cal permite prestar unha atención completa e de calidade ás doentes.

A envergadura do Programa fai que a coordinación das unidades de avaliación radiolóxica, das unidades de diagnose e tratamento e a coordinación xeral do

CSV: REXPG-dQgfOywML-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 12:44:38
Nº Rexistro: 28622
Data envío: 15/07/2025 12:44:38.173

PARLAMENTO DE GALICIA

Programa estea centralizada no servizo de Programas poboacionais de cribado da Dirección Xeral de Saúde Publica.

Neste servizo é onde se recibe e rexistra na base de datos do Programa toda a información remitida polos hospitais. Sendo desde esta propia unidade de xestión onde periodicamente se realiza a avaliación da súa actividade e resultados.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre os resultados do programa de cribado de cancro de mama desde a súa posta en marcha hai xa máis de 30 anos?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025

CSV: REXPG-dQgfOywML-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 12:44:38
Nº Rexistro: 28622
Data envio: 15/07/2025 12:44:38.173

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Magdalena Perez Millares na data 15/07/2025 12:27:57**
**Ethel Vázquez Mourelle na data 15/07/2025 12:28:09**
**Nicole Grueira Fernández na data 15/07/2025 12:28:29**
**Raquel Arias Rodríguez na data 15/07/2025 12:34:49**
**Noelia Pérez López na data 15/07/2025 12:35:06**
**María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2025 12:35:19**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/07/2025 12:35:28**
**Víctor Baladrón Lamas na data 15/07/2025 12:35:44**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 15/07/2025 12:35:59**

CSV: REXPG-dQgfOywML-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2025 12:44:38
Nº Rexistro: 28622
Data envio: 15/07/2025 12:44:38.173

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/07/2025 12:44:38

CSV: REXPG-dQgfOywML-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.6 35412(12/POP-005129)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que prevé desenvolver o Goberno galego ante os datos relativos ás listaxes de agarda  das distintas áreas sanitarias de Galicia

*Publicación da iniciativa, 265f2, 08.10.2025*

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de agarda por especialidades e áreas sanitarias, referentes a decembro do 2024. Que nos sitúan en 355.712 persoas esperando unha proba diagnóstica, unha consulta especializada ou unha cirurxía.

Corresponderíanse con: 113.606 persoas pendentes dunha proba diagnóstica, 196.267 pendentes dunha consulta e 45.839 pendentes dunha cirurxía.

É certo que a nivel global o número diminuíu, polo efecto da diminución das consultas, dado que as persoas pendentes dunha cirurxía aumentaron e as probas diagnósticas manténense practicamente estancadas.

O conselleiro dixo na presentación dos datos do ano 2024: “Sabemos que uno de los asuntos que más preocupan a los gallegos son las listas de espera, que nos permiten establecer prioridades y garantizar que no espere todo aquello que es urgente".

E efectivamente é un dos temas que máis preocupan aos galegos e ás galegas porque distan moito de ser satisfactorios, senón todo o contrario. E que acaban converténdose nun dos grandes problemas que ten a sanidade.

E non nos referimos á calidade, nin aos profesionais sanitarios cuxo nivel é excelente, senón aos problemas que se orixinan pola ineficiencia do sistema,

CSV: REXPG-4mvFnAAx1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

ao non poder responder á demanda existente, xerando atrasos e saturación. Saturación que reverte nunhas listas moi avultadas.

Ademais, as listas de agarda oficiais en Galicia, non reflicten a realidade do que supón unha espera para a atención dunha consulta, unha cirurxía ou unha proba médica, pero son os únicos datos dos que dispoñemos para facer unha valoración.

Non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade son importantes. Son persoas que teñen problemas de saúde, que están pendentes dunha consulta, de probas diagnósticas, dunha cirurxía, e que a súa saúde seguramente se agrava mentres están pendentes de ser atendidos. Pero tamén xera malestar, angustia e inseguridade nos seus familiares.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de agarda en Galicia?

Parlamento de Galicia, 30 de setembro de 2025

CSV: REXPG-4mvFnAAx1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35412
Data envio: 01/10/2025 18:58:28.407

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 01/10/2025 18:50:46**
**Silvia Longueira Castro na data 01/10/2025 18:50:54**

CSV: REXPG-4mvFnAAx1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35412
Data envio: 01/10/2025 18:58:28.407

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/10/2025 18:58:28**

CSV: REXPG-4mvFnAAx1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.7 36667(12/PUP-000155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre as previsións do Goberno galego ante os últimos datos publicados en relación coas listas de espera no sistema público de saúde, singularmente no referido á contratación de persoal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:27:04
Nº Rexistro: 36667
Data envío: 13/10/2025 17:27:04.440

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Carreira Pazos**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre os últimos datos publicados sobre as listas de espera.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia motívase na necesidade de que o goberno galego dea explicacións no Parlamento ante a preocupación social que supoñen os últimos datos publicados sobre as listas de espera do sistema público de saúde galego.

**Exposición de motivos**

As listas de espera do sistema público de saúde galego continúan nunha situación grave que, segundo os datos que fai públicos a Xunta de Galiza, está enquistándose a pesar de que poidan darse certas melloríasmoi puntuais. Datos que son parciais e incompletos, tal e como denuncian diferentes organizacións e colectivos, pois o Partido Popular mantén ocultas as listas de espera non estruturais, o que non permite ter unha imaxe fidedigna da situación.

Segundo os datos máis recentes, en xuño de 2025 eran 49.223 persoas as que se atopaban agardando por unha cirurxía; 193.336 as que estaban á espera dunha primeira consulta hospitalaria; e 117.891 as persoas que estaban agardando por algún tipo de proba complementaria. Cifras calquera destas moi afastadas aínda dos datos previos á irrupción da pandemia da COVID-19 e reflicten a incapacidade do goberno galego para lograr desconxestionar as listas de espera hospitalarias.

Asinado o día 13/10/2025 ás 17:21
Por Iria Carreira Pazos

CSV: REXPG-aVL0mKsmo-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:27:04
Nº Rexistro: 36667
Data envío: 13/10/2025 17:27:04.440

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contrastan ademais coa información feita pública desde a Consellería de Sanidade onde se pon enriba da mesa o incremento que se produce da actividade asistencial extraordinaria, sen que se logren melloras significativas.

Análise que tampouco pode ser exhaustiva e rigorosa polo veto que o Partido Popular mantén á publicación dos datos das listas de espera non estrutural, vulnerando incluso o regulamento deste Parlamento.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Dada esta grave situación, cales son as medidas que vai tomar o goberno galego para lograr a redución das listas de espera hospitalarias, nomeadamente no referido á contratación de persoal?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2025

CSV: REXPG-aVL0mKsmo-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:27:04
Nº Rexistro: 36667
Data envio: 13/10/2025 17:27:04.440

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 13/10/2025 17:21:42**

CSV: REXPG-aVL0mKsmo-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 17:27:04
**Nº Rexistro: 36667**
Data envio: 13/10/2025 17:27:04.440

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 17:27:05**

CSV: REXPG-aVL0mKsmo-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.8 30442(12/POP-004568)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre a proposta da nova PAC que prevé entrar en vigor a partir do ano 2027

*Publicación da iniciativa, 238f2, 20.08.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:09
Nº Rexistro: 30442
Data envío: 05/08/2025 10:42:09.308

PARLAMENTO DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Miguel Ángel Viso Diéguez, Cristina Campero Dorado, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno.**

esencial tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental. Galicia conta cun amplo número de profesionais que traballan neste ámbito ata o punto de liderar, en moitos ámbitos, a transformación do sector cara a unha futuro máis sostible, innovadoro e resiliente.

Nos últimos anos, o sector afrontou importantes retos: a necesidade de substitución xeracional, a adaptación a novos estándares ambientais, a transformación tecnolóxica, o encarecemento dos custos operativos, a competencia internacional. Todos estes desafíos requiren do apoio decidido dos instrumentos europeos de financiamento e que estes conten cunha dotación orzamentaria suficiente.

O 16 de xullo de 2025, a Comisión Europea adoptou unha proposta para o próximo marco financeiro plurianual (MFP) para o período 2028-2034. Este inclúe, fundamentalmente os fondos FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria) e FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) da Política Agrícola Común (PAC).

Neste senso resultan fondamente preocupantes as noticias recentemente coñecidas sobre a intención de propoñer un recorte aparente do entorno do 20% nos fondos destinados ao agrícola e gandeiro no próximo marco orzamentario. Esta redución, de confirmarse, comprometería gravemente a viabilidade da adaptación de moitas explotacións e das comunidades rurais que dependen directa ou indirectamente destas actividades. Ademais, supoñería un retroceso na capacidade de adecuación e consecución dos obxectivos comúns en materia de sustentabilidade, competitividade e seguridade alimentaria.

Ademais, a actual Política Agraria Común quedaría diluída nun fondo único, no que tamén entraría a pesca e as políticas de cohesión territorial. Desaparecerían ademais os dous piares actuais da PAC (axudas directas e desenvolvemento rural), que quedarían unificados nese mesmo fondo.

Convén lembrar que 20 Estados membros (dun total de 27), entre eles España, asinaron esta primavera unha carta na que lle pedían a Bruxelas manter a Política

CSV: REXPG-zYd2lL4O5-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Agrícola Común como estratéxica, independente e autónoma, cunha boa dotación financeira, personalidade xurídica propia e separada do resto de políticas comunitarias

Neste contexto, resulta urxente que as distintas administracións e, particularmente o Goberno de España -na súa condición de interlocutor directo coa Unión Europea- adopte unha posición clara, firme e proactiva para defender os intereses do sector agrogandeiro no proceso de negociación do novo marco financeiro europeo, ademais de adoptar un compromiso claro en defensa e apoio a este sector no marco do seu plan nacional específico.

Cómpre salientar finalmente, que Galicia vén sendo un exemplo de xestión responsable e eficiente do financiamento destinado ás políticas de cohesión e de apoio ao medio rural. É de todo xeito inaceptable calquera pretendido recorte de fondos que, segundo os cálculos iniciais, suporá unha redución aproximada de 80 millóns de euros anuais para o rural galego, o que implica 480 millóns menos no período, deixando especialmente mermado o orzamento para o desenvolvemento rural. A PAC é un dos mecanismos máis importantes que se xestionan desde as comunidades autónomas e que permite garantir e manter a actividade dos gandeiros e agricultores. Ademais, sen este recurso de apoio directo ao sector, os prezos dos produtos agroalimentarios serían moito máis elevados e repercutiría de xeito negativo no consumidor.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego en relación coa proposta de nova PAC que prevé entrar en vigor a partir do ano 2027?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2025.

CSV: REXPG-zYd2tL4O5-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:09
Nº Rexistro: 30442
Data envío: 05/08/2025 10:42:09.308

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 05/08/2025 10:32:35**
**María Encarnación Amigo Díaz na data 05/08/2025 10:32:49**
**José Mato Díaz na data 05/08/2025 10:33:03**
**Enrique Barreiro Sánchez na data 05/08/2025 10:33:11**
**Juan Manuel Casares Gándara na data 05/08/2025 10:33:19**
**Cristina Campero Dorado na data 05/08/2025 10:33:32**
**Nicole Grueira Fernández na data 05/08/2025 10:33:43**
**Ángel Rodriguez Conde na data 05/08/2025 10:33:52**
**Cecilia Vázquez Suárez na data 05/08/2025 10:34:06**

CSV: REXPG-zYd2tL4O5-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 10:42:09
Nº Rexistro: 30442
Data envio: 05/08/2025 10:42:09.308

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 10:42:09**

CSV: REXPG-zYd2tL4O5-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 21.10.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.9 35691(12/POP-005162)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre a situación en que están as concentracións parcelarias no concello de Agolada

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 265f2, 08.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:22:34
Nº Rexistro: 35691
Data envío: 06/10/2025 11:22:34.148

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre as concentracións parcelarias na Agolada.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que se trate canto antes no Parlamento a situación das concentración parcelarias na Agolada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada vaga de lumes saldouse cunha grande parte do noso territorio devastado polos peores incendios da nosa historia, que se cebaron con Ourense pero que tamén afectaron a outras zonas do interior do país, dentro das que se encontra a aldea do Sexo, no concello dezao de Agolada.



Asinado o día 06/10/2025 ás 11:17 Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 06/10/2025 ás 11:16 Por Luis Bará Torres
Asinado o día 06/10/2025 ás 11:15 Por Daniel Castro García
Asinado o día 06/10/2025 ás 11:15 Por Ana Pontón Mondelo
Asinado o día 06/10/2025 ás 11:17 Por Iria Carreira Pazos
CSV: REXPG-UHBsj9dv5-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:22:34
Nº Rexistro: 35691
Data envío: 06/10/2025 11:22:34.148

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Alí, o 15 do pasado mes de agosto, decretouse o nivel 2 por perigo para a poboación debido a un lume de grande voracidade que queimou o monte que arrodea a aldea e que puido ter consecuencias aínda máis devastadoras de non ser por a actuación dos veciños e veciñas, que loitaron contra as chamas cos medios que tiñan, axudados por persoas de núcleos próximos, que acudiron con tractores e cisternas para colaborar co dispositivo de extinción.

Os veciños alí presentes durante aquela xornada declaran terse sentido abandonados e enganados polos datos que a propia Xunta de Galiza proporcionou posteriormente do incendio que os asediou e fixo que a poboación de maior idade vivise con medo horas nas que estiveron confinados mentres os seus familiares apagaban as lapas para que non arderan as vivendas.

Mais non é o único motivo polo que a poboación de varias parroquias de Agolada considera que é tratada con desleixo por parte das administracións, xa que consideran que ningún dos proxectos pensados para o territorio que habitan os benefician a eles en primeira instancia, en moitos casos ocorre o contrario, que resultan prexudicados en favor de empresas externas que aproveitan os seus recursos sen que revertan positivamente na zona. É o caso de ALTRI, cuxo vertido de auga se atopa a 300 metros da aldea do Sexo, de proxectos eólicos contra os que levan loitando anos, liñas de alta tensión ou, recentemente, a posibilidade da instalación dunha planta de biogás na contorna.

Non entanto, o que os veciños das parroquias do Sexo, Eidián, Ramil, Basadre, Agra, Val de Sangorza, Baíña, Órrea e Berredo levan anos solicitando ao goberno da Xunta de Galiza, non se leva a cabo. Este é o caso das concentracións parcelarias, demandadas polo 98% dos veciños e veciñas das citadas zonas e que levan arrastrando durante décadas, sen que as case 4000 hectáreas se concentren e favorezan o desenvolvemento de gran cantidade de proxectos pensados polos agoleses para a zona e

CSV: REXPG-UHBsj9dv5-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:22:34
Nº Rexistro: 35691
Data envío: 06/10/2025 11:22:34.148

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que beneficiarían tanto a gandeiros e agricultores coma á economía local, loitando contra o forte despoboamento do que non é allea a comarca e o concello.

A pesares das moi numerosas reunións e promesas de axilización, con visitas reiteradas dirante anos de distintas directoras do AGADER e outros cargos do goberno galego, para anunciar movementos, o certo é que a realidade continúa a ser a mesma que fai 14 anos, cando se fundou a asociación Queremos Parcelarias, cuxo fin era o de darlle un impulso a estas concentracións e facer fincapé na súa importancia e a mesma que fai máis de 20, no 2002, cando comezaron os procedementos. Veciños e veciñas afectados por o desleixo total da administración cara esta rica e produtiva ribeira do Ulla non confían no goberno galego nin nas súas promesas recorrentes e reclaman atención e investimento para unha zona que vai camiño de baleirarse cando o futuro podería ser ben distinto se as políticas para o rural fosen as axeitadas e pensadas para a xente que habita nel e non para que uns poucos se lucren a conta do que é de quen vive no territorio e coida del.

En consecuencia, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Considera a Consellería de Medio Rural que continuar sen decretar as concentracións parcelarias de Agolada é tratar de xeito xusto aos veciños e veciñas das 8 parroquias que levan agardando máis de 20 anos para levar a cabo os seus proxectos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-UHBsj9dv5-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:22:34
Nº Rexistro: 35691
Data envío: 06/10/2025 11:22:34.148

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/10/2025 11:15:45**
**Daniel Castro García na data 06/10/2025 11:15:52**
**Luis Bará Torres na data 06/10/2025 11:16:48**
**Olalla Rodil Fernández na data 06/10/2025 11:16:56**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/10/2025 11:17:03**
**Paulo Ríos Santomé na data 06/10/2025 11:17:12,06/10/2025 11:17:20**
**Rosana Pérez Fernández na data 06/10/2025 11:17:29**
**Ariadna Fernández González na data 06/10/2025 11:17:37**
**Iria Carreira Pazos na data 06/10/2025 11:17:46**
**José Manuel Golpe Acuña na data 06/10/2025 11:17:52**
**Secundino Fernández Fernández na data 06/10/2025 11:18:02**
**Daniel Pérez López na data 06/10/2025 11:18:17**
**Carmela González Iglesias na data 06/10/2025 11:18:25**
**Sonia Vidal Lamas na data 06/10/2025 11:18:35**
**Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/10/2025 11:18:42**
**Óscar Insua Lema na data 06/10/2025 11:18:51**
**María Montserrat Prado Cores na data 06/10/2025 11:18:58**
**Ramón Fernández Alfonzo na data 06/10/2025 11:19:09**
**Alexandra Fernández Gómez na data 06/10/2025 11:19:33**
**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/10/2025 11:19:42**
**Mercedes Queixas Zas na data 06/10/2025 11:19:49**
**Cristina Fernández Davila na data 06/10/2025 11:19:57**
**Noa Presas Bergantiños na data 06/10/2025 11:20:03**
**Iago Suárez Fernández na data 06/10/2025 11:20:09**
**Iria Taibo Corsanego na data 06/10/2025 11:20:15**

CSV: REXPG-UHBsj9dv5-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:22:34
Nº Rexistro: 35691
Data envio: 06/10/2025 11:22:34.148

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 11:22:36

CSV: REXPG-UHBsj9dv5-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/